

## **ANUNCIO**

O Pleno do Concello, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 9 de xullo e na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo deste ano, adoptou os seguintes acordos, en relación coas dietas e indemnizacións aos membros da corporación:

### **DIETAS E LOCOMOCIÓNS:**

*1) Polo concepto de "dieta", entendida como a cantidade que se devenga diariamente para satisfacer os gastos que orixine a estancia fóra da residencia oficial para o exercicio das funcións dos membros desta Corporación, satisfaranse as seguintes cantidades:*

*a) Dieta completa: 200 Euros.*

*b) Media dieta: 100 Euros.*

*2) Os gastos de locomocións que se produzan como consecuencia de desprazamentos polas citadas comisións ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo seu presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes. No caso de uso de vehículo propio, aboarase a cantidade de 0,25 € por quilómetro percorrido.*

*Todo elo sen prexuízo do que se estableza anualmente no Orzamento Municipal.*

### **INDEMNIZACIÓNS:**

*1) Por concorrencia efectiva dos Concelleiros ás sesións do Pleno, estes percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de 150 €.*

*2) Pola concorrencia efectiva ás sesións da Xunta de Goberno Local, percibirán unha indemnización de 150 €.*

*3) Pola concorrencia efectiva as sesións da Comisión Especial de Contas, percibirán unha indemnización de 150 €.*

*4) Pola concorrencia efectiva ás sesións da Comisión Especial de Seguimento do PXOM, percibirán unha indemnización de 150 €.*

*5) Pola asistencia efectiva ás sesións do Consello Escolar, o representante nomeado percibirá unha indemnización de 150 €.*

*O pago da asistencia ás Comisións ou Xunta de Goberno realizarase tamén os concelleiros que, non sendo membros do órgano, sexan requiridos polo Alcalde ou Presidente co obxecto de informar no relativo ó ámbito das súas actividades.*

### **ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS**

*- 50 € por grupo e mes.*

*- 20 € por concelleiro e mes.*

*Estas asignacións pagaranse anualmente, agás neste ano 2015, que se pagarán dende o día 1 de xullo.*

### **ASIGNACIÓNS DE ASISTENCIAS Á XUNTA DE VOCEIROS E MESAS DE CONTRATACIÓN:**

*1) Por concorrencia efectiva dos Concelleiros á Xunta de Voceiros, estes percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de 75 €.*

*2) Pola concorrencia efectiva ás Mesas de contratación, percibirán unha indemnización de 75 €.*

O Corgo, 16 de novembro de 2015

O ALCALDE,

José Antonio Ferreiro González